



PROVIDENCIA DE DESIGNACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS QUE FORMARÁN PARTE DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE RELATIVO Á CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO. EXP012SE20ABO.

De acordo co establecido nos pregos de cláusulas administrativas do expediente EXP012SE20ABO relativo á contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, en concreto na cláusula décimo quinta: Mesa de contratación, na cal se recolle a composición da mesma:

5º.- Un funcionario ou persoal laboral fixo pertencente a calquera grupo profesional, que preste servizos nos concellos que participan no presente expediente de contratación:

1. Para o LOTE 1: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE CASTROVERDE, os vogais titular e suplente serán nomeados polo órgano de contratación, a proposta do órgano competente do Concello de Castroverde, entre o persoal funcionario ou laboral fixo de calquera grupo profesional que, preferentemente, preste servizos no Concello de Castroverde.
2. Para o LOTE 2: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, os vogais titular e suplente serán nomeados polo órgano de contratación, a proposta do órgano competente do Concello de Pedrafita do Cebreiro, entre o persoal funcionario ou laboral fixo de calquera grupo profesional que, preferentemente, preste servizos no Concello de Pedrafita do Cebreiro.

En cumprimento do requirimento efectuado pola Deputación de Lugo:

- O Alcalde de Castroverde, mediante escrito presentado co número 2020RT008010, comunicou que: *“Polo Concello de Castroverde désígnase como vogal titular á funcionaria Dona María Jesús Diéguez Gómez (...) e como vogal suplente á funcionaria Dona Mónica Pérez Martínez (...) para formar parte da Mesa de contratación para o procedemento de contratación de prestación a persoas maiores no centro de atención de Castroverde”.*

- O Alcalde de Pedrafita do Cebreiro, mediante escrito presentado co número 2020RT007991, comunicou que: *“PROPOÑO: Para o nomeamento como vogal para a Mesa de Contratación a dona Maria García Ferro (...) Secretaria- Interventora do Concello de Pedrafita do Cebreiro (...)”.*

Polo exposto, resólvese:

- 1.- Nomear, como empregada pública proposta polo Concello de Castroverde, para asistir á Mesa de contratación do EXP012SE20ABO -*LOTE 1: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE CASTROVERDE* á funcionaria Dona María Jesús Diéguez Gómez, como titular, e como vogal suplente á funcionaria Dona Mónica Pérez Martínez.
- 2.- Nomear, como empregada pública proposta polo Concello de Pedrafita do Cebreiro, para asistir á Mesa de contratación do EXP012SE20ABO -*LOTE 2: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE PEDRAFITA DO CEBREIRO* á funcionaria Dona María García Ferro.
- 3.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo, no menú servizos, -perfil do contratante- (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es)

O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019

O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL,

Asdo. dixitalmente: Pablo Rivera Capón

	IV7GQL7MLD57ISFOAH65ONAHQA	Fecha y Hora	14/10/2020 23:20:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQL7MLD57ISFOAH65ONAHQA	Página	1/1

